

I CONVOCATORIA PARA O ALUMNADO DA UDC PARA PARTICIPAR NOS COMITÉS DE AVALIACIÓN DOCENTE (PROGRAMA DOCENTIA)

A Universidade da Coruña publica a I convocatoria para seleccionar entre o estudantado da UDC (representantes do alumnado no Claustro Universitario da UDC) os membros que formarán parte dos Comités de Avaliación Docente (CAD) dentro do Programa Docentia da UDC para a avaliación da actividade docente do seu profesorado.

PRAZAS QUE SE CONVOCAN

- 1 praza para o CAD da Rama de Arte e Humanidades
- 1 praza para o CAD da Rama de Ciencias da Saúde
- 1 praza para o CAD da Rama de Ciencias
- 1 praza para o CAD da Rama de Ciencias Sociais e Xurídicas
- 1 praza para o CAD da Rama de Enxeñarías e Arquitecturas

FUNCÍONS E RESPONSABILIDADES DOS REPRESENTANTES DOS ESTUDANTES NOS COMITÉS DE AVALIACIÓN DOCENTE (CAD)

Nesta convocatoria, como experiencia piloto, o alumnado participará nos CAD con voz pero sen voto, co fin de garantir o cumprimento que establece o Programa Docentia da UDC especialmente no que fai referencia a:

- Velar pola transparencia e rigor do proceso así como pola confidencialidade dos datos.
- Asistir a todas as reunións do CAD, incluída á reunión de consenso en que se elabora o informe do CAD de cada profesor/a.
- Propoñer posibles melloras ao procedemento.

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

O alumnado interesado debe presentar a solicitude de participación no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (rúa Maestranza 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares (Casa do Lagar, campus de Elviña e campus de Esteiro, rúa Dr. Vázquez Cabrera s/n, Esteiro, 15403 Ferrol) dirixida ao Sr. Reitor da UDC, de acordo co formulario que se xunta, antes das 13:00 h do día 20 de xullo de 2012.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

No procedemento de selección valoraranse os seguintes criterios:

- Criterio de xénero: procurarase que a representación entre homes e mulleres sexa equilibrada.
- Criterio de experiencia en actividades de avaliación e xestión.

COMISIÓN DE SELECCIÓN

A selección do alumnado para formar parte dos CAD será realizada pola Comisión Interna da Universidade (CIU), constituída polas seguintes persoas:

Presidente:

Vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías: Julio E. Abalde Alonso

Secretaria:

Técnica da UTC: Ana Beatriz Iglesias Blanco (que actuará con voz pero sen voto)

Vogais:

Vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente: Gustavo Rego Veiga

Director da UTC: Miguel A. González Valeiro

Coordinadora da Comisión de Formación e Asesoramento: Alicia Risso Miguez

Técnico responsable da avaliación docente no SIC: Santiago Bort Couceiro

Cinco profesores:

- Rama de Arte e Humanidades: D.^a M.^a Jesús Lorenzo Modia
- Rama de Ciencias da Saúde: D. Sergio Santos del Riego
- Rama de Ciencias: D.^a Elvira Sahuquillo Balbuena
- Rama de Ciencias Sociais e Xurídicas: D. Xurxo Dopico Calvo
- Rama de Enxeñarías e Arquitecturas: D.^a Concepción Vidal Martín

Dous estudantes:

- Amelia Fraga Mosquera
- Luís Miguel Puente Castelo

A esta comisión asistirá, con voz pero sen voto, un/unha representante da Xunta de Persoal do PDI.

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

A CIU seleccionará os membros dos CAD aplicando os criterios expostos anteriormente.

FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN

1. As persoas interesadas remitiranlle as súas solicitudes á UDC (apartado relativo á formalización de solicitudes), onde mencionarán os seus datos en relación cos criterios de selección expostos nesta convocatoria, ata as 13:00 h do 20 de xullo de 2012. A CIU comunicaralles ás persoas interesadas a resolución provisional por correo electrónico antes do 27 de xullo. O día seguinte da comunicación abrirase un prazo de 10 días naturais para a presentación de reclamacións. Para estes efectos o mes de agosto é inhábil
2. Transcorrido o prazo de reclamacións, a CIU comunicaralles por correo electrónico ás persoas interesadas a resolución definitiva.
3. O alumnado seleccionado participará nunhas xornadas de formación organizadas pola UDC en colaboración coa ACSUG.

4. Unha vez concluído o proceso de avaliación publicaranse os nomes dos membros dos comités.

CONSECUENCIAS DA PARTICIPACIÓN NOS CAD

O alumnado seleccionado será nomeado polo Sr. Reitor conforme pertence a un dos CAD do Programa DOCENTIA

INFORMACIÓN SOBRE O PROGRAMA DOCENTIA

As persoas interesadas poden solicitar máis información por correo electrónico no enderezo docentia@udc.es ou na extensión telefónica 1058.

O documento íntegro do Programa Docentia está publicado na páxina web:

http://www.udc.es/utc/ferramentas_calidade/docentia.

A Coruña, 2 de xullo de 2012

O presidente da Comisión Interna da Universidade



Julio E. Abalde Alonso

**SOLICITUDE PARA PARTICIPAR COMO MEMBRO DOS COMITÉS DE
AVALIACIÓN DOCENTE (PROGRAMA DOCENTIA)**

APELIDOS E NOME

NIF

TITULO EN QUE ESTÁ MATRICULADO / A

CURSO

CENTRO

RAMA DO COMITÉ DE AVALIACIÓN DOCENTE EN QUE SOLICITA PARTICIPAR

- ☐ ARTE E HUMANIDADES
- ☐ CIENCIAS DA SAÚDE
- ☐ CIENCIAS
- ☐ CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS
- ☐ ENXEÑARÍAS E ARQUITECTURAS

EXPERIENCIA EN ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN E DE XESTIÓN (Acheguen texto a esta solicitude)

SOLICITA

Participar como membro dos Comités de Avaliación Docente (CAD) da actividade docente, de acordo cos criterios e o procedemento establecido no *Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado*, aprobado polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña o 21 de decembro de 2010.

.....dede

Asdo.:

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA